

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 1 CINTA 2



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0002_001_en_0_00_00_id539_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0002_001_en_0_00_00_id539.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o primeiro corte dos que se divide a segunda das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña. A entrevista trata sobre os traballos de preparación, mantemento e reparación das artes de pesca, así como dos materiais usados no proceso. Tamén se fala brevemente do traballo das atadeiras e do sistema de “garantía” no reparto do peixe.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas que eliximos presentar na rede cortadas para optimizar o traballo de busca.

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 21 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia



NOTAS DA TRANSCRICIÓN

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos “...” no medio da conversas correspóndense con partes inintelixibles ou que aparecen cortadas no audio e polo tanto non se poden transcribir.

A transcripción fíxose respectando a pronuncia da persoa. Nos casos en que determinadas palabras ou expresións poidan xerar confusión, estas van acompañadas dunha nota a pé de páxina para aclarar o termo correcto ou o significado. Porén, para non entorpecer a lectura con aclaracións constantes, moitas palabras e expresións coloquiais transcríbense tal cual foron ditas e sen ningún tipo de aclaración.

Aclaración de termos:

Ralleira: formación de lixo na superficie do mar.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

Transcripción realizada por Xosé C. Villaverde Román e revisada por el mesmo no 2019.

PALABRAS CHAVE

pesca , artes de pesca , traballos do mar , preparación mantemento reparación curado encascado secado do aparello , cáñamo , algodón , muller , atadeira , reparto

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 1 DA CINTA 2

P: Estabamos falando dos aparellos, como se conservaban. ¿Decía que se facían a man?

R: Si, muitos aparellos facíanse a man.

P: ¿E como se curaban ben?

R: Pois curábanse, polo menos os de fío todos os aparellos de algodón veu máis tarde ¡Eh!. Que namais, os da ardora e todo eso, e artes eran en fío, todo cáñamo, todo en cáñamo, cáñamo. Os barcos mesmos de arrastre, os aparellos eran de cáñamo todos. A última hora, hai poucos anos que veu o algodón para, que non había algodón, para arte de pesca.

P: ¿E o algodón era bo ou era o nylon?

R: Era máis pescador e o cáñamo tiña que, había moito que secalos, alquitrenalos¹, encascalos e secalos moito. Agora o algodón xa non ten ... xa veu o nylon porque non se encasca...

P: Non pudre.

R: Non pudre.

P: Aguanta muito, é mui fuerte.

R: Todo eso ¿non?

P: Entonces me decía que os aparellos facíanse a man e comprábanse as madeixas de fío ¿non? Que as facían aquí en Meira, nas cordelerías de Meira ¿ou non, ou comprábanse aparte?

¹ Alquitrenalos = alcatranalos



R: Iso viña de Barcelona.

P: ¡Ah! iso viña de Barcelona.

R: Viña o fio de Barcelona, viñan as redes de Barcelona.

P: As redes todas hasta aquí. E despois cando chegaban aquí...

R: Xuntalas.

P: Se iban xuntando e iban amarrando.

R: Se iban xuntando as redes. Porque agora na última época, refiérome ó cerco ¿non?. O cerco é toda clase de pareghas e bous e todo, pois foi un alivio tremendo ¿eh? Para eses barcos foi un alivio tremendo porque non, non. Namais que duraba unha marea ou dúas, o aparello.

P: ¿Unha marea ou dúas nada máis?

R: Nada máis. Porque non tiña duración ningunha.

P: Non aguantaba nada, o cáñamo non aguantaba nada ¿E como se protexían eso despois do mar, despois de traballar con el, secábanno?

R: Porque, o fio cando empezou xa, polas pezas do xeito, que facían dos aparellos do cerco de barcos menores de sardiña, pois era de fio toda a rede, todo fio, fio, cáñamo ¿non? Ese cáñamo a salvación del era o secalo ben e darlle a tinta.

P: A tinta ¿donde o facían? ¿Aparte, nun alboio gardaban, donde gardaban o aparello?

R: O que chamaban os encascadores.

P: Tiñan encascadores.

R: Os casetes, ou encascadores.

P: En casetes. ¿Aí que era un depósito ou un recipiente grande?

R: Despois había un repentín, unhas caldeiras grandes.

P: Unhas caldeiras si.

R: Se fervía completamente e botábaselle a casca.

P: ¿A casca dos pinos?

R: A casca dos pinos, viña de Ibisa, esa casca viña, estaba especial de Ibisa.

R: ¿De Ibiza?

R: De Ibisa viña, era o único, esa tinta ten base de alquitrán² esa tinta, e moitas veces pois fervíase, botábaselle...

P: E cantos litros tiña un depósito deses.

R: Depende da cantidade que se trouxera, viñan en sacos, en sacos de 50 quilos. Catro e cinco horas a ferver e arriaba toda aquela tinta. E por parte sendo de fio tiñalle que botar polo menos, polo menos un par de caldeiros de alquitrén (sic), para que apegue, pegara; porque ó secalos ese alquitrén, esa tinta pegabase na rede era quen curaba as redes. Faltáballe iso..

P: Os caldeiros de alquitrén botábanse no medio da...

R: No medio, fervendo coa casca.

P: Coa casca, e cando fervía metíase o aparello dentro.

R: E cando fervía deixábase apousentar toda a basura, porque deixaba os redicios (sic) a casca. Que apousentaba todo ¿non? E despois de apousentar, tirábase a casca, e os redicios quedaban no fondo... a última basura no fondo. Como a casca unha vez cocida, pois tiña os redicios que quedaban aposentados. Despois tiñanos que levar a secar e secalos moito para que esa...

P: ¿Metíase o aparello dentro da caldeira ou non?

R: Non. Había uns pilóns que botaba a tinta e despois botábase os aparellos en aquela tinta, e despois sacábanse para outro repentín (sic), para outro pilón e deixábase aí polo menos dous días.

P: ¿Tanto?

² En diante alquitrán e alquitrén = alcatrán

R: Dous.

P: ¿Dous días?

R: Si para que fixera pasta o líquido do alquitrén e todo eso, e para que pegara ben a rede. E Se non se facía así non duraba nada.

P: E inda así non duraban nada, e despois a secar.

R: E despois a secalos.

P: Entón tiña que ter moitos aparellos ¿non?

R: Era o problema, que eran moitos aparellos e un aparello de aquela por un mal tempo que viñese pois pudríase enseguida.

P: Claro, entón o proceso era ese, cando fervíase en caldeiras grandes ¿Que tiñan cinco ou seis mil litros máis ou menos, ou...?

R: Estes de cando se íban a Leixós e por aí, pois había de ter máis...cinco mil litros.

P: Terían por aí, cinco mil. E cando se apouentaba e fervía todo iso collíase a caldeiros e metíase noutros recipientes. ¿Enchíanse...?

R: Sacábase o líquido, quedaba a casca depositada.

P: Sí ¿E o líquido donde se botaba?

R: Noutro cuenco para botar a rede alí.

P: Esas xa eran de pedra ou de ladrillo ¿non?

R: Si, de ladrillo.

P: Eran como salgadouros³ grandes.

R: Si como salgadouros grandes.

P: Parecido a salgadouros grandes.

R: Non cabían os aparellos enteiros, non cabían os aparellos enteiros alí. Había que botar pouco e dalo ó halador para que escurrira. Despois botar outra tinta. Despois quedábase en seco, halábase un cacho e despois botábase outra, porque non cabía todo o aparello dentro do recipiente.

P: ¿E canto tempo o cacho de aparello que estaba *aneghado*, canto tempo duraba máis ou menos?

R: Botábase dez minutos.

P: Dez minutos si.

R: Deixábase dez minutos, chamábase o encascador. E cando estaba aquel botábase outro tal, botábase outro, outros dez minutos e tal, por trozos.

P: ¿E non manchaba moito as mans, non era mui pegajosos

R: Pegaban, quedaban as mans cheas de alquitrén, e non podía darse mui quente, porque non había quen aguantara para lavalas. Gracias que despois viñeron unhas drizas, fixéronse unhas drizas e os encascadores amplios ¿comprendes? Porque moitas veces, tiñan os homes que sacar quente o aparello e levalo ó encascador.

P: E lavalas a man.

R: A man, despois viñeron outros aparellos, pero veu o lino, ou veu o...

P: O algodón.

R: O algodón despois xa sí, pero o algodón tamén lle costaba moito... moita casca tamén. Onde non se usaba esa casca era *ahora*.

P: E despois iso ¿que o metían en carretas e levábanno a secar?

R: En carretas ou carros do país, de bois. E íbas a Xunqueira a tendelos

P: Ibas á Xunqueira ¿xa había tendales preparados ou..?.

R: Non.

P: Na area.

R: Na area. Por riba das pedras.

P: ¿E non se manchaba de area, non se pegaba a area?

³ En diante salgadouro = salgadoiro

R: Non, porque a area ó secar, sacudías e xa caía.

P: Xa caía.

R: E levaba parte de líquido, porque manchábase o líquido e era o líquido que estaba no aparello. E ó sacudirlle a area pois arrancáballe o líquido.

P: E despois traíase xa para o barco directamente.

R: Si, si era para salir para o mar traíase para o barco.

P: E iban todos os mariñeiros.

R: Todos.

P: A metelos nos carros...

R: A bordo e a traballar.

P: E a traballar. E a función que tiñan as atadeiras, aparte de remendar os buracos ¿facían aparellos tamén elas?

R: Os aparellos que viñan en telas, ... pezas, pois eran as atadeiras, eran as encargadas, de acordo co patrón e o armador. Querían máis alto ou máis alto, ou menos alto, ou máis largo, e claro porque había quen lle dera cincuenta brazas de alto, outros de corenta, depende da embarcación, e depende de como sea o traballar. Moitas veces non podían traballar en sitios a donde iba o peixe e tiñan moito aparello a bordo. Tiñan que medir o aparello co terreno. Non iba a largar en vinte brazas de pedra un aparello de cincuenta brazas. Sabes que había unhas cousas que tiña normales aquel tempo, con ese de, do aparello en ..., era a garantía.

P: A garantía.

R: A garantía da captura de pescado. Tiñas unha cantidade... equis cestas, equis quilos, e rematabas aqueles quilos pero cando non lle tiña conta xa máis, deixábancho quedar.

P: ¿Deixaban?

R: Non querían máis. Eles non habían ... ningún. Eles arrematan cincuenta ou vinte cestas, non era por quilos, agora é por quilos, e cando non lle tiñan conta máis, pois deixábanche quedar. Tiñas que ... outra vez. Non tiña garantía do articulo que traías, porque miraba unha sardiña estaba tocada, arrebentada por aquí, sale picada se o peixe é o mesmo, sale picado. Porque o pescado moitas veces no verán cando sale picado, porque anda na superficie, está comendo camarón, camarón chámalle a basura que hai na superficie que hai cando vai, hai ralleiras (sic).

P: ¿Ralleiras?

R: Ralleiras son as augas que se forman no mar, unhas ó arredor de outras ¿non?, que levan moito lixo e nese lixo enrédase o peixe de día, e quen é que fai reventar moitas veces o embigo, o peixe está fresco pero o embigo pícase, no verán.

P: Estaban moi cheas ou moi... Comerían moito ¿non?

R: Inda que sea o que sea, pois coas calorías ou con eso, pois arrebentaban.